



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE) E A ASOCIACIÓN DE [DIAGNOSTICAD@S](mailto:Diagnosticad@s) DE CANCRO DE MAMA E XINECOLÓXICO (ADICAM) PARA A O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE ATENCIÓN E ASESORAMENTO SOCIO ASISTENCIAL PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Orde do 29 de decembro de 2017 sobre delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e noutros órganos da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, establece no seu artigo 3 que se delega na persoa titular da Secretaría Xeral da Igualdade a formalización de acordos e convenios en materias propias do seu ámbito competencial.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren, facendo especial fincapé no seu artigo 4 a que se procurará en todo momento que as mulleres teñan garantida a súa integridade psicolóxica e a súa autonomía social e económica.

A Asociación de Diagnosticad@s de Cancro de Mama e Xinecolóxico (ADICAM) é unha entidade sen ánimo de lucro nada no ano 2001 e que conta con 1550 persoas asociadas, está





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/



formada por unha amalgama de persoas afectadas de cancro de mama/xinecológico, afectadas doutro proceso oncológico ou persoas colaboradoras que solidarizan coa causa. Está inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPPS), dependente da Consellería de Política Social desde o ano 2001 con número de inscrición E-1477.

Entre os seus obxectivos está o de mellorar a calidade de vida das mulleres que se poidan atopar con dificultades por mor de ser muller e detectar a necesidade de intervir con elas tanto a nivel persoal, familiar, social, psicológica e laboral, así como ofrecer ferramentas para identificar situacións de violencia de xénero, potenciar a autonomía persoal e a independencia das mulleres a todos os niveis e fomentar o desenvolvemento de accións para a promoción da igualdade entre homes e mulleres.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa Asociación de diagnosticad@s de cancro de mama e xinecológico (ADICAM), para o financiamento das accións sinaladas, cuxo obxectivo prioritario é reforzar o apoio socio asistencial ás mulleres, en especial ás vítimas de violencia de xénero, con accións de difícil encaixe nos servizos públicos, a través de persoal con formación específica que, de xeito gratuíto acompañan e ofrecen apoio ás mulleres para potenciar e mellorar a súa calidade de vida.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A secretaria xeral da Igualdade

(P.D. Resolución do 08/06/2020, DOG núm.111 do 09/06/2020)

A directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa

Natalia Prieto Viso



Xacobeo 2021

